



A pesar do seu aspecto inofensivo, o mexillón cebra é unha especie invasora que coa súa prodixiosa proliferación pode chegar a danar as infraestruturas de abastecemento de augas

A Confederación Hidrográfica alerta da detección de larvas nas presas de Rialb e San Lorenzo de Mongay, no río Segre, e no de Tarn, no Noguera Pallaresa, malia que no ano 2007 se investiron 605.000 euros nun plan de choque que busca erradicar esta praga

O MEXILLÓN CEBRA COLONIZOU OUTROS TRES ENCOROS DO EBRO

Efe • Zaragoza

O mexillón cebra segue colonizando a Conca do Ebro, onde se detectaron larvas en tres novos encoros, en Lérida, polo que a Confederación Hidrográfica apelou ó sentido cívico dos cidadáns para minimizar a súa expansión e presentou o primeiro manual para as instalacións afectadas.

Os encoros de Rialb e San Lorenzo de Mongay, no río Segre, e o de Tarn, no Noguera Pallaresa, todos eles en Lérida, deron positivo en larvas de mexillón cebra na segunda campaña de detección precoz que emprendeu a Confederación Hidrográfica do Ebro (CHE). Segundo informou o seu comisario de Augas, Rafael Romeo, durante

ría ampliando a zona de colonización", sinalou Rafael Romeo, quen tamén apuntou que se detectaron larvas no río Segre, á altura de Serós, o que indica que augas arriba hai adultos, e confirmouse a súa presenza na derivación da Canle de Urgell.

O mexillón cebra "é un problema de todos, non só da Administración", recalcou o Comisario de Augas, á vez que apelou ós cidadáns para minimizar a súa expansión e para que colaboren e se involucren na loita contra esta especie coa que "hai que afacerse a convivir", reiterou.

Desde a Presidencia da Confederación Hidrográfica do Ebro, solicitóuselles ás nove Delegacións do Goberno da Conca a súa colaboración para que as Forzas de Seguri-

gardas fluviais, un "número escaso" segundo Romeo para controlar unha conca de 85.000 quilómetros, pero ten a colaboración das Comunidades Autónomas e do Servizo de Protección da Natureza (Seprona) da Garda Civil.

Segundo a CHE, Mequinenza, Ribarroja, Flíx e Sobrón son os encoros afectados con exemplares adultos de mexillón cebra, mentres que, nesta campaña e a do ano pasado, se detectaron larvas ademais de nesas, nos de Sotonera, Ardisa e ultimamente tamén en Rialb, San Lorenzo de Mongay e Tarn.

En canto ós ríos, observáronse larvas en gran parte do percorrido do Ebro, no Arga, Gállego, Guadalupe, Segre, Martín e Noguera Pallaresa, ademais das canles Imperial, de Bardenas e Lodosa.

A Confederación, que segundo dixo Romeo investiu en 2007 máis de 605.000 euros nas medidas do Plan de Choque contra o mexillón cebra, comezou tamén no mes de xullo a instalación de novos puntos de desinfección de embarcacións nos encoros do Ebro (Cantabria), Ullívarri (País Vasco) e Mequinenza (en Caspe, Zaragoza).

Estes tres puntos únense ós cinco que xa existen (catro controlados por especialistas e un autónomo) nas presas de Mequinenza e

Ribarroja, nos que se detectou por primeira vez este molusco invasor, segundo sinalou a técnica da área de Calidade de Augas da CHE, Concha Durán. Así mesmo, agregou, a axencia catalá dispón de dous puntos móbiles e o Goberno aragonés de cinco.

Nun acto, o Organismo presentoulles ós máis de 200 representantes de usuarios da Conca, grupos ecoloxistas, colexios profesionais e federacións de remo e de pesca o *Manual de control para instalacións*

S.A., baixo a dirección de Concha Durán, tamén recolle empresas que traballan no sector en España e ás que se pode recorrer para controlar ou eliminar a especie, no caso de que sexan sistemas pechados, xa que no medio natural, ata agora, non se desenvolveu unha estratexia de erradicación efectiva.

Entre as investigacións que se desenvolven para loitar contra a especie, Durán citou a que se probou nun laboratorio de Cambridge (Reino Unido) que consiste en lan-

INSTALACIÓNS DE APROVEITAMENTO DE AUGA PARA ABASTECIMENTO, USOS AGRÍCOLAS OU INDUSTRIAIS PODEN RESULTAR AFECTADAS

afectadas polo mexillón cebra. Este manual, dixo Romeo, pretende ser unha guía orientativa para os potenciais afectados, como instalacións de aproveitamento de auga para abastecemento, usos industriais, acuícolas ou de rega, ós que se lles informa do xeito de abordar o problema, os tipos de tratamento (físicos, químicos ou preventivos) e os puntos máis vulnerables a esta praga.

O documento, elaborado polo Laboratorio de Ensaos Técnicos

zar "biobalas" contra os mexillóns con toxinas, unha sobre unha proteína que desestabilice a fixación do viso no substrato para que o exemplar caia e non poida vivir e outra que ten que ver coa selección xenética.

A loita contra esta especie invasora é moi difícil pero nótase maior concienciación cidadá, ademais de que se poden impoñer sancións moi graves, ata requisar a embarcación, se non se cumpren as normas de control para a navegación.

A PESAR DAS MEDIDAS TOMADAS, A ZONA DE COLONIZACIÓN DESTA MOLUSCO ESTÉNDESE POR TODOS OS RÍOS E ENCOROS DA CONCA

unha xornada informativa sobre os métodos de control e erradicación desta especie.

"Estase producindo o que, obviamente, xa sabíamos que tardou cedo sucedería, que se acaba

dade do Estado participen na vixilancia das embarcacións para que se cumpran as normas de navegación na Conca do Ebro, publicadas recentemente polo *Boletín Oficial do Estado*. O Organismo conta con 50